**Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 3 de abril de 2025**

**[PLG/MCVR]**

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **3 de abril de 2025, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

**Vogais:**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Victor Manuel Baladrón Lamas
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
María Magdalena Pérez Millares
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
Paloma Castro Rey
(en substitución de María Elena Espinosa Mangana)
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
**Grupo Parlamentario Mixto (M):**
Armando Ojea Bouzo

**Emendante:**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)

**Letrada:**
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución así como as susbstitucións.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previa comunicación aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios, dá conta dunha alteración no debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar en primeiro lugar a proposición non de lei doc. núm. 21569 (4).

**Punto único. Proposicións non de lei**

**1.4 21569 (12/PNC-002000)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
**Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia ante o anunciado peche da Escola Infantil A Casiña, xestionada por Cáritas e situada no barrio ourensán das Lagoas**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 175f1, do 19.03.2025***

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de modificación por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 22788) e outra de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 22792), das que obvia a súa lectura dado que se remitiron aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, quen procede á defensa e formulación da iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda de grupos parlamentarios emendantes intervén en primeiro lugar o **señor Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG),** logo de agradecer esta alteración para posibilitar a súa participación na sesión, explica o sentido da súa emenda e anunciar o apoio a devandita proposta, non sen antes expoñer diversas consideracións sobre a intervención da propoñente.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Arías Rodríguez, Raquel (P),** quen, tras expoñer diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións, xustifica os motivos polos que o seu grupo presentou esta emenda de substitución.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** motiva o apoio do seu grupo parlamentario á devandita proposta.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)**, comenta as argumentacións dos demais grupos parlamentarios e posibilita unha transacción coa emenda de modificación do

PARLAMENTO DE GALICIA

G.P. do Bloque Nacionalista Galego que se incorporaría como engádega, asemade expón as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. Popular de Galicia.

*Rematado o debate desta iniciativa o señor Ojea Bouzo (M) auséntase da Comisión.*

**1.1 14533 (12/PNC-001419)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Castro Rey, Paloma e 2 máis**
**Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que cubra a totalidade das prazas de pediatra do Centro de Saúde de San Roque, de Vilagarcía, que establece o seu plan funcional**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024***

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. Popular de Galicia presentou unha emenda de substitución (doc. núm. 22791), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea a proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

*A presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e ocupa un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia a vicepresidenta da Comisión. señora Vázquez Mourelle.*

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** para explica o sentido da súa emenda, logo de amosar diversos desacordos coa intervención da propoñente.

Na rolda de grupo parlamentario non emendante intervén a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións á respecto da proposta defendida, anuncian o voto favorable do seu grupo a mesma, nos termos en que está presentada, voto que cambiaría en caso de que se aceptase a emenda.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, a **señora Castro Rey, Paloma (S)**, tras incidir na importancia da iniciativa, critica a intervención da voceira do grupo maioritario e explica as razóns polas que non acepta a súa emenda.

**1.2 16422 (12/PNC-001571)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Rodil Fernández, Olalla e Fernández Alfonzo, Ramón Tomás**
**Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de abordar as demandas laborais e salariais do persoal das residencias de maiores privadas**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 139, do 15.01.2025***

PARLAMENTO DE GALICIA

A **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG),** procede á formulación e defensa desta iniciativa sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo co obxectivo de abordar as demandas laborais e salariais do persoal das residencia de maiores privadas, aos que lle agradece que viñeran hoxe ao Parlamento para seguir este debate dende outra sala.

A esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** para posicionarse a favor da proposición non de lei defendida.

Nesta mesma rolda a **señora López Pérez, Noelia (P),** expón as súas argumentacións a respecto da proposta formulada e, tras matizar algunhas das argumentacións expostas pola propoñente, anuncia o apoio do seu grupo á mesma e remata a súa intervención pedindo que non se manipulen nin as traballadoras nin ao sector.

Na rolda de puntualizacións a **señora Rodil Fernández, Olalla (BNG)**, agradece o apoio amosado por ambos grupos parlamentarios, logo de matizar algunhas das afirmacións realizadas pola voceira do grupo maioritario.

**1.3 17896 (12/PNC-001663)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pérez López, Noelia e 8 máis**
**Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que regule e estableza a organización das microcredenciais na formación para o emprego**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f2, do 29.01.2025***

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei presentáronse dúas emendas, unha de modificación por parte do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, (doc. núm. 22787) e outra de adición por parte do G.P. dos Socialistas de Galicia, (doc. núm. 22783), das que obvia a súa lectura, dado que se enviou copia aos distintos portavoces.

Deseguido concédelle a palabra á **señora Pérez López, Noelia (P)**, que procede á defensa e formulación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no Boletín Oficial do Parlamento.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes interveñen a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S) e o señor Suárez Fernández, Iago (BNG),** ambos deputada/o, expoñen as súas argumentacións a respecto da proposta formulada ao tempo que defende as súas respectivas emendas.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre as emendas presentadas, a **señora Pérez López, Noelia (P**), logo de expoñer diversas consideracións sobre as intervencións de ambos emendantes, refire as razóns polas que non acepta a emenda do G.P. do Bloque Nacionalista Galego pero si a do G.P. dos Socialistas de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

*Rematado o debate desta iniciativa a señora Pérez López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.*

**1.5 22246 (12/PNC-002084)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 4 máis**
**Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de converter a atención primaria no auténtico eixe vertebrador do sistema sanitario**
***Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 179f1, do 26.03.2025***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, quen pasa a dar conta das razóns nas que se basea a proposición non de lei, expresándose en termos semellantes aos contidos na súa formulación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento.

A esta iniciativa non se presentaron emendas polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, intervén en primeiro lugar a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, xustifica as razóns polas que a van apoiar.

Nesta mesma rolda a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** tras rexeitar moitas das argumentacións expostas polas voceiras que a precederon no uso da palabra, xustifica os motivos polos que o seu grupo non vai apoiar esta iniciativa destacando o traballo que dende a Xunta de Galicia se está a realizar.

A **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** fai uso da rolda de puntualizacións para agradecer o apoio anunciado polo grupo da oposición, logo de amosar a súa discrepancia cos argumentos do grupo maioritario.

A Presidencia suspende brevemente a sesión ás 13.05 horas para facilitar que os grupos poidan acadar unha transacción no que respecta á proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, doc. núm. 21569 (4).

Reiniciada a sesión ás 13.10 horas, a presidenta procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

**1 14533 (12/PNC-001419),** do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor: ..... 7**
**Votos en contra: ..... 9**
**Abstencións: ..... 0**

**2 16422 (12/PNC-001571),** do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Recibir unha representación das traballadoras das residencias de maiores privadas, así como da súa representación sindical, para coñecer de primeira man a situación en que se atopan e as súas demandas.*

*2. Solicitar unha xuntanza coa patronal do sector co obxectivo de mediar no conflito e promover unha mellora das condicións laborais e salariais das traballadoras facendo valer a súa posición como autoridade laboral e máxima responsable en materia de servizos sociais.»*

**3 17896 (12/PNC-001663),** do **G.P. Popular de Galicia.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal coa incorporación da emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 22783), resulta **aprobado pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a regular e establecer a organización das microcredenciais na formación para o emprego, dentro do marco do diálogo social, co fin de certificar os resultados de aprendizaxe derivados de actividades formativas de curta duración, promovendo así un modelo adaptado ás necesidades actuais das persoas e do mercado laboral.»*

**4 21569 (12/PNC-002000),** do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** A señora Rodríguez Dacosta (S), dá lectura a transacción acadada coas emendas dos GG.PP. Popular de Galicia (doc. núm. 22792) e do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 22788), que sometida a votación, resulta **aprobada pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

*«O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Incrementar as escolas infantís de 0 a 3 anos de titularidade e xestión pública en Ourense.*

*2. Que se dirixa á entidade social que xestiona a escola infantil A Casiña, en Ourense, para que continúe prestando o servizo, cando menos, ás familias con fillos xa matriculados.*

*3. Subsidiariamente e para o caso de que non se alcance acordo, que busque unha solución transitoria que solucione a carencia de prazas en Ourense, e en particular no barrio das Lagoas, con preferencia das persoas usuarias actuais do centro A Casiña.»*

**5 22246 (12/PNC-0012084),** do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego.** Sometido a votación o texto resolutivo orixinal, resulta **rexeitado** por:

**Votos a favor: ..... 7**

PARLAMENTO DE GALICIA

**Votos en contra: ..... 9**
**Abstencións: ..... 0**

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a colaboración dos membros da Comisión e dos servizos da Cámara e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:15 horas.

Noelia Pérez López

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.05.13 11:01:59 +02'00'

**Xe pr**
**Noelia Pérez López**
**Presidenta da Comisión**

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.05.13 10:21:34 +02'00'

**Iria Carreira Pazos**
**Secretaria da Comisión**